# ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 8 AO 13 DE XUÑO

## RUTINAS DIARIAS PARA FACER CADA DÍA AO COMEZO DA XORNADA

- CALENDARIO: empregar un calendario para localizar e sinalar o día.

- REXISTRO DO TEMPO ATMOSFÉRICO: mirar pola ventá que tempo vai e debuxalo, preferiblemente no propio calendario para poder levar un rexistro.

  É importante que garden o rexistro do tempo, pois ao finalizar o mes analizaremos os resultados anotando cantos días houbo de choiva, sol, sol con nubes... e así aproveitar para traballar cantidades, gráficas, etc… se vos parece ben, comezamos esta semana e farémolo ata fin de curso!

- ESTADO DE ÁNIMO: falar sobre como se sinten, nun folio, anotar a data (día da semana, día do mes, mes e ano) e debuxar ou escribir aquilo que represente o seu estado de ánimo con cariñas, bonec@s... (o importante é saber das súas emocións)

Seguimos agradecéndovos, unha semana máis o moitísimo que estades colaborando con nós dende os vosos fogares para que na medida do posible, os vosos fillos e fillas poidan seguir aprendendo da nosa man e das vosas tamén, e a moi boa disposición para establecermos contacto. GRAZAS, sen vós, non sería posible!

Esta semana, é a penúltima chic@s; xa case estamos rematando o curso. Así que moito ánimo e un derradeiro esforciño!!!

Que vos parece se imos de viaxe á selva??? Pois para comezar, deixámosvos un vídeo sobre a selva para saber máis cousiñas interesantes...

Preme na imaxe para comezar a viaxe!




Vale, agora que xa sabedes que é unha SELVA, que ANIMAIS poden vivir nela e que FROITAS se poden atopar nela... Saberías enumeralos? Mira o listado e completa:

Na selva hai moitos ANIMAIS como: (escribe os nomes dos que recordes na lista). Podes facelo aquí mesmo ou noutro folio.

1. ..................................... 5. .........................................

2. ..................................... 6. .........................................

3. ..................................... 7. .........................................

4. ..................................... 8. .........................................

A seguir, fai aquí os debuxos dos que máis che gustan co nome de cada un deles... veña, saca @ artista que levas dentro!

Tamén hai FROITAS exóticas coma: (escribe con axuda se precisas e debúxaas ao carón do nome). Podes engadir algunha máis se a coñeces...

| NOME DA FROITA | DEBUXO |
| --- | --- |
| 1. .......................................... | |
| 2. .......................................... | |
| 3. .......................................... | |
| 4. .......................................... | |
| 5. ........................................... | |

DESEGUIDO PARA CONTINUAR COA RUTINA QUE XA COÑECEDES… COMEZADE CADA DÍA CUNS MINUTIÑOS DE MINDFULNESS (animal de poder – meditación); OU BEN UNHA NOVA SESIÓN DE IOGA (saludo al sol – canción) OU A SEGUINTE, IMITANDO AOS ANIMAIS DA SELVA; CLARO! VÓS ELEXIDES! Accedede premendo na imaxes…

RELAXACIÓN – MEDITACIÓN




SALUDO AL SOL, CANCIÓN YOGA PARA NENOS



🎼 Canción EN LA SELVA! | MINIPADMINI (Yoga para Niños y Niñas)



TAREFA 1: "ADIVIÑA, ADIVIÑANZA…"

Como xa estamos moi relaxados, podemos comezar por descobrir o animal que se esconde detrás do son… Despois de ver e escoitar o vídeo; imos escoller 5 animais, os que cada un queira e cada día da semana, escribiredes o seu nome e debaixo o seu debuxo, si? Cal vos gusta máis? Por que? Imos aló!



Para ver o vídeo, preme na seguinte ligazón:
https://youtu.be/AG3U9JzSVv4

Tamén vos deixamos outro para practicar coa linguaxe en forma de TRABALINGUAS. Serven para traballar a memoria, aumentar o vocabulario e a fluidez verbal…A ver quen o repite mellor!




https://youtu.be/FGu0J1II6Uo

## TAREFA 2: "LÓXICA MATEMÁTICA".

Hoxe: Mandámosvos un xogo matemático con animais, a ver se estades atentos e contades ben! Podedes imprimilo e facelo igual ou diferente vós mesmos, noutro folio, cartolina... como vós queirades ou poidades. Xa trae as instruccións a seguir. A contar, a agrupar, a sumar e restar!!!






CÓMO UTILIZAR LAS TARJETAS DEL AULA DE LA SEÑORITA WABISABI:

1. Fichas y tarjetas sobre la mesa por separado. Asociar cada número animado con el animal correcto de las fichas y ponerlas todas sobre la tarjeta.

2. Iguales y diferentes: en cada tarjeta habrán 2 o 3 animales con diferencias. Identificarlos.

3. Con las tarjetas vacías relacionar el número con la cantidad que indica pegando sólo las fichas que correspondan a determinado número. Si las tarjetas están llenas utilizar un rotulador de pizarra y encerrar las fichas en una especie de saco.

4. Ordenar las tarjetas de menor a mayor o de mayor a menor.

5. Realizar series lógico-matemáticas utilizando las fichas.

6. Con tarjeta del número 9 restamos todas las demás tarjetas. Colocar la ficha del número nueve primero y sobre ella la tarjeta que desees. Al poder despegar las fichas de la tarjeta realizan la operación de forma manipulativa.

7. Sobre la tarjeta de operaciones matemáticas colocar fichas de animales diferentes. Escribir en los cuadritos de al lado con un rotulador de pizarra blanca el valor numérico que representa cada animal elegido por otro niño/adulto y resolver **sumas.**

8. Sobre la tarjeta de operaciones matemáticas colocar fichas de animales diferentes. Escribir en los cuadritos de al lado con un rotulador de pizarra blanca el valor numérico que representa cada animal elegido por otro niño/adulto y resolver **restas.**

9. Agrupar animales de dos en dos o de tres en tres sobre la mesa.

10. Elegir tres fichas por niño y jugar a las tres en raya sobre cualquier tarjeta.




































- Tamén podedes seguir coas RECOMENDACIÓNS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE da semana do 25 ao 29 de maio que xa tedes; SEGUIDE A PRACTICAR!

TAREFA 4: "CONTIÑOS BREVES".

FÍXATE BEN E MARCA A RESPOSTA CORRECTA, PREGUNTA A ALGUÉN QUE ESTÉ CONTIGO SE PRECISAS AXUDA…

# LEO Y COMPRENDO CUENTITOS

## LA ARAÑA MARAÑA

La araña maraña tiene ocho patas y teje su telaraña en el armario de casa.

By acrbio



ImágenesEducativas.com

Marca la respuesta correcta:.

| | |
|---|---|
| ¿Qué es Maraña? | ☐ Mosca<br>☐ Mariposa<br>☐ Araña |
| ¿Cuántas patas tiene? | ☐ Seis<br>☐ Ocho<br>☐ Siete |
| ¿Dónde teje Maraña? | ☐ Armario<br>☐ Cama<br>☐ Sofá |

# LEO Y COMPRENDO CUENTITOS

## EL CARACOL TOÑO

By acrbio

El caracol Toño busca hojas en el jardín de mi casa para comer en otoño.



ImágenesEducativas.com

Marca la respuesta correcta:.

| | |
|---|---|
| ¿Qué es Toño? | ☐ Mosca<br>☐ Mariposa<br>☐ Caracol |
| ¿Cuándo come? | ☐ Invierno<br>☐ Otoño<br>☐ Verano |
| ¿Dónde come Toño? | ☐ Armario<br>☐ Jardín<br>☐ Sofá |

# LEO Y COMPRENDO CUENTITOS

## EL RATÓN ANTÓN

By acrbio



AL ratón Antón le gusta mucho el queso y el siempre lo coge de la nevera de la casa.

ImágenesEducativas.com

Marca la respuesta correcta:.

| | |
|---|---|
| ¿Qué es Antón? | ☐ Gato<br>☐ Ratón<br>☐ Nutria |
| ¿Cuándo come? | ☐ Invierno<br>☐ Otoño<br>☐ Verano |
| ¿Dónde encuentra el queso? | ☐ Armario<br>☐ Nevara<br>☐ Cajón |

*Se non podedes imprimir, botádelle imaxinación e facede os debuxos dos animais coas respostas noutro folio a parte… ao voso gusto!

TAREFA 5: "SEMPRE É BO MOMENTO PARA BAILAR".

Comezamos coas cancións: "Animales da selva" e "Camiñando pola selva" deixámosvos as ligazóns e a cantar e bailar...




https://youtu.be/aPCRYA6GG1I

https://youtu.be/VhJKV6T_g7Q




... E que tal imos de inglés? Con esta outra, repasaredes tamén os animais e o abecedario en inglés!




https://youtu.be/DyLbzK-5lNw

E para rematar, tod@s @s que queirades, tedes a opción de facer unha manualidade practicando a papiroflexia: un león, un tigre, unha rá … Mirade! esta habilidade trae moitos beneficios…




Podedes elexir na páxina "ORIGAMI FÁCIL PARA NIÑOS", cál queredes, o elefante por exemplo?; é moi doado pero teredes que concentrarvos e inténtalo varias veces, PACIENCIA!!!

CLICADE NA IMAXE



# TODO IRÁ BEN!!!!

Agardamos poder ver as vosas creacións, traballiños, vídeos…

BOA FIN DE SEMANA E BICOS VIRTUAIS A TOD@S.

· RECORDADE QUE ESTAMOS CON VÓS POLO ABALAR E NOS NOSOS CORREOS:

mdavila@edu.xunta.es (profe Marga)
yolanda.rodriguez.vila@gmail.com (profe Yolanda)